



CONCELLO DE REDONDELA

**XUNTANZA ORDINARIA DO CONSELLO PARROQUIAL DE SANTO ESTEVO DE NEGROS**

**DÍA 25 DE MARZO DE 2014**

No Centro Cultural de Santo Estevo de Negros, sendo as vinte horas e corenta e cinco minutos do día 25 de marzo de 2014, previa convocatoria, reuníronse os/as seguintes integrantes:

- Manuel Amoedo Otero, representante do PS de G – PSOE
- María del Carmen Amoedo Dasilva, representante do PP
- Agustín González, representante do BNG
- José Bernardo Crespo Abal, representante de AER
- Carmen Rodríguez Álvarez, representante das asociacións veciñais
- Juan José Cabaleiro Balado, representante da comunidade de montes
- Emilio Antón Otero, representante das asociacións culturais
- Gerardo Pazos Cabaleiro, representante das asociacións culturais
- Juan Collazo Freire, representante das comunidades de augas
- Ángeles Pazos Cabaleiro, representante das asociacións de mulleres

Todos/as eles/as baixo a Presidencia, por delegación do Sr. Alcalde, de JULIO CARLOS ALONSO MONTEAGUDO, asistidos/as de min, Juana María Monteagudo Testa, coa finalidade de celebrar a xuntanza ordinaria do Consello Parroquial de Santo Estevo de Negros, convocada para o día de hoxe, pasándose a tratar os seguintes puntos indicados na orde do día

**1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR:**

Pola presidencia dase lectura a acta da xuntanza anterior do día 04-11-13, relativa aos orzamentos participativos.

O Sr. Agustín González, representante do BNG, indica que hai mais dunha acta sen aprobar.

Pola presidencia dase lectura as dúas actas anteriores do 23 de setembro de 2013, correspondentes unha á constitución do consello parroquial e a outra aos orzamentos participativos.

Aprobanse por maioría dos membros presentes, coa abstención do Sr. Crespo Abal que di non ter asistido as anteriores xuntanzas.



CONCELLO DE REDONDELA

## **2.-PROXECTO DE SANEAMENTO OS CAMBEIROS**

Pola Presidencia, explicase que tipo de obra se levará a cabo así como a zona por onde transcorrerá o saneamento.

Por parte do Sr. Agustín Gonzalez, representante do BNG, preguntase cando se comezará e o prazo de execución.

Así mesmo, por parte da Sra. Amoedo Dasilva, indicase que o orzamento municipal xa está aprobado e publicado no BOP e que as obras están pendentes de licitación, así mesmo di que se lle facilitará un plano do proxecto e, se é preciso achegarse o Concelleiro Cándido Vilaboa para indicar o lugar exacto.

## **3.- PROXECTO SANEAMENTO CAMIÑO DA VEIJA**

O Sr. Agustín González, indica que non é Camiño da Veija, senon Camiño da Veiga, polo cal rectificase este título.

A Sra. Amoedo Dasilva, indica o orzamento do proxecto e así mesmo, ao igual que no punto anterior quedará no centro cultural o plano para que se poida examinar

## **4,- INFORMACIÓN MELLORA ACCESO Á IGREXA**

Pola Presidencia indicanse os problemas que existen para levar a cabo este apartado pois parece que non existe ningún tipo de documentación das obras feitas xa no seu día.

O Sr. Amoedo Otero indica que sería convinte falar co actual párroco por si houberse algún tipo de documento que acredite a cesión feita no seu día, así como consultar en obras públicas en Pontevedra, se hai algún proxecto, xa que según se indica no seu día o Sr. Faustino comunicou de palabra, que non había orzamento para levar a cabo as obras, que se pondrían en marcha cando houberse orzamento.

A Sra. Amoedo Dasilva e o Sr. Alonso Monteagudo indican que consultado o arquivo municipal non se atopou ningún proxecto e que consultado ao ministerio en Pontevedra tampouco atoparon ningún tipo de documentación.

Así mesmo o Sr. Antón Otero di que por parte dunha veciña (Marina) non hai problema en dar o terreo a cambio de que se lle faga o muro.



## CONCELLO DE REDONDELA

Indica o Sr. Agustín González que existe un acordo plenario para a mellora da estrada, para poder facer un vial mais seguro, pola Presidencia indicase que consultará no Concello se hai algún tipo de documento

O Sr. Crespo Abal, indica que seria convinte destinar unha partida cando houberse cartos.

### **5.-OCUPACIÓNS TEMPORAIS AVE**

Pola presidencia indicase que hai unhas novas actas previas de ocupación, na primeira fase, a superficie a ocupar foi de 110.000,00 m2 pero que se reduxo agora a 50.000,00 m2 de superficie ocupada

O Sr. Crespo Abal, indica que se presentou unha moción nun pleno onde se acordou asesorar aos veciños a nivel colectivo. Indica ademais que hai ocupacións sen pagar, polo que existen queixas dalgúns veciños.

O Sr. Alonso Monteagudo, indica que os pagos pendentes son debido a que non teñen a documentación en regra.

O Sr. Crespo Abal, comenta que hai que presionar para que se leve a cabo o pagamento.

A Sra. Amoedo Dasilva, dí que como xa indicou o sr. Alonso Monteagudo os propietarios non teñen xustificada a titularidade dos predios e que algúns aínda están a nome de antepasados.

### **6.-PRESUPOSTOS PARTICIPATIVOS 2014**

Pola Presidencia indicase que o novo consello parroquial levarase a cabo mais ou menos no mes de maio próximo

O Sr. Crespo Abal, indica que debido que se destinou para os consellos un 1% dos orzamentos do concello, a subvención a aportar aos mesmos supón unha diminución de 2000,00 ou 3000,00 euros menos en cada parroquia, polo que indica que lle gustaría que constara en acta, e que sería convinte que ese 1% fose do orzamento total do concello, incluíndo a aportación da comunidade europea.

Neste punto a sr.a Amoedo Dasilva ausentase.

### **7.- INFORME SOBRE ACTUACIÓNS NA PARROQUIA**

Pola Presidencia, indicanse os traballos que se teñen pensado facer na parroquia, e os que xa están feitos.



## CONCELLO DE REDONDELA

Indica así mesmo, que o Aparellador Municipal, está facendo un proxecto para a mellora da entradao camiño de Sapal coa unión da N-555 e que poden achegarse polo Concello e ver como está.

O Sr. Crespo Abal, indica que poderíase deixar copia do proxecto na Cultural de Santo Estevo para consultarlo.

Acordase por unanimidade dos membros presentes traer o proxecto do aparellador cando esté rematado.

### **8.- ROGOS E PREGUNTAS**

O Sr. Crespo Abal di que sería convinte que na páxina Web do concello se publicasen as actas dos consellos parroquiais, e que puidera asistir público sin voz e sen voto.

Así mesmo indicase que se podería enviar as actas ás asociacións culturais para expoñelas nos taboleiros de anuncios.

Aprobase por maioría dos membros presentes a excepción da abstencion da Sra. Pazos Cabaleiro

O Sr. Cabaleiro Balado indica que sería convinte enviar as actas aprobadas das anteriores convocatorias.

O Sr. Crespo Abal di que se debería cambiar o regulamento dos consellos, facendo neste momento entrega aos asistentes dunha coia do regulamento que o grupo municipal de AER propoñen.

O Sr. Cabaleiro Balado dia que pensa que sería convinte ampliar o número de compoñentes da comunidade de montes no consello parroquial.

O Sr. Antón Otero aporta unha relación entregada polo Concelleiro Sr. Vilaboa Figueroa de cousas a facer na parroquia que se achega como anexo I a esta acta.

O Sr. Alonso Monteagudo da lectura a lista entregada polo Sr. Anton Otero.

O Sr. Alonso Monteagudo indica que hai unha actuación de Medio Ambiente a través dunha subvención.

O Sr. Crespo Abal indica que o Camiño Maceiras non chega a Negros, que so é Cedeira.



## CONCELLO DE REDONDELA

O Sr. Alonso Monteagudo indica que o que se esta a levar a cabo, ata o momento, neste camiño é unha primeira fase.

E, non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levantouse a sesión, sendo as vinte e duas horas e 10 minutos da data fixada no encabezamento, en proba de todo o que se estende a presente ACTA, da que, como Secretaria do Consello, DOU FE.